

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### BERGONDO

##### Secretaría

*Bases para a contratación de seis peóns durante cinco meses e 12 días*

##### ANUNCIO

##### APROBACIÓN DAS BASES PARA A CONTRATACIÓN DE SEIS PEÓNS DURANTE CINCO MESES E 12 DÍAS

Por Resolución da Alcaldía 525/2018, do 29 de maio, aprobáronse as bases que se transcribe a continuación:

Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo (A Coruña)

##### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**ASUNTO:** APROBACIÓN DAS BASES PARA A SELECCIÓN PERSOAL LABORAL DE SEIS PEÓNS DURANTE CINCO MESES E DOCE DÍAS.

**EXPEDIENTE:** 2018/E001/000002

##### ANTECEDENTES

PRIMEIRO.–Consta no expediente a providencia de alcaldía de data 21/05/2018.

SEGUNDO.–Consta o informe de secretaría de data 22.05.2018.

TERCEIRO.–Achegouse ao expediente borrador das bases para a selección de seis peóns.

##### LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable vén determinada por:

- O Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro.
- A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística de Galicia.
- A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- A Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Os artigos 21.1.g), 91, e 103 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local.
- O artigo 177 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril.
- O Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo (de carácter supletorio conforme o artigo 1.3).
- O Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro.

##### CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.–Segundo o artigo 26 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, teñen a condición de persoal laboral as persoas que, en virtude de contrato de traballo formalizado por escrito, en calquera das modalidades de contratación de persoal previstas na lexislación laboral, prestan servizos retribuídos nas administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente Lei. En función do réxime de duración do contrato, este pode ser fixo, temporal ou indefinido.

O persoal laboral en ningún caso poderá desempeñar postos de traballo que estean reservado a persoal funcionario en virtude do previsto no apartado segundo do artigo 22 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

SEGUNDA.–A selección do persoal laboral efectuarase de acordo coa oferta de emprego público, e mediante convocatoria pública. Tal e como establece o artigo 57 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, o persoal laboral

fixo pode ser seleccionado polos sistemas de oposición ou concurso-oposición, coas características establecidas no artigo 56 ou, excepcionalmente, polo sistema de concurso de valoración de méritos. En todo caso, a selección do persoal laboral deberá respectar os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, sen prexuízo do disposto no artigo 37 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a Igualdade de Mulleres e Homes.

TERCEIRA.–A condición de persoal laboral adquirese pola firma do contrato de traballo, previa acreditación de que se reúnen os requisitos e condicións esixidos e, no seu caso, da superación do correspondente proceso selectivo, tal e como establece o artigo 63 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

De acordo co artigo 82 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, a carreira profesional e a promoción do persoal laboral faranse efectivas a través dos procedementos previstos na lexislación laboral e nos convenios colectivos.

CUARTA.–En relación á retribución do persoal laboral, esta determinarase, segundo o artigo 142 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, de acordo coa lexislación laboral, o convenio colectivo que sexa aplicable e o contrato de traballo, dentro dos límites derivados do previsto polo apartado primeiro do artigo 134 de devandita Lei.

QUINTA.–Todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no Estatuto Básico do Empregado Público e no resto do ordenamento xurídico.

SEXTA.–Os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrència, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas no Estatuto Básico do Empregado Público. Os órganos de selección velarán polo cumprimento do principio de igualdade de oportunidades entre sexos.

De acordo co artigo 56.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nos procesos selectivos coídarase especialmente a conexión entre o tipo de probas a superar e a adecuación ao desempeño das tarefas das prazas convocadas.

SÉTIMA.–Durante todo o proceso de selección deberán cumprirse coas esixencias de publicidade activa, en virtude do disposto no artigo 21.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na normativa vixente en materia de transparencia.

OITAVA.–O sistema de selección será o concurso debido ao axustado dos prazos dado que a Deputación de A Coruña resolveu a subvención no mes de maio e a contratación deste persoal preténdese para reforzar ao departamento de obras e servizos municipais durante os meses de verán.

Examinadas as bases da convocatoria en relación coa selección de persoal referenciada, e de conformidade co artigo 21.1.g) da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVO:

PRIMEIRO.–Aprobar as bases reguladoras das probas selectivas para cubrir a/s praza/s arriba referenciada/s, en réxime de persoal laboral, mediante o sistema de concurso (ANEXO I).

SEGUNDO.–Publicar o texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello sendo a data deste anuncio no BOP a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias. Así mesmo quedará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello dirección <https://sede.bergondo.gal>.

TERCEIRO.– Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

## ANEXO I

### **BASES XERAIS E ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE SEIS PEÓNS DURANTE CINCO MESES E DOCE DÍAS AO ABEIRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL MEDIANTE A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES PARA O ANO 2018 COFINANCIADO POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA**

#### **Primeira.–Obxecto da convocatoria.**

O obxecto desta convocatoria é cubrir, mediante concurso, seis prazas de peóns ao abeiro do Programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais nos concellos da provincia de A Coruña de menos de 20.000 habitantes para o ano 2018 cofinanciado pola Deputación da Coruña (BOP número 41, do 28/02/2018).

**Segunda.-Normativa aplicable.**

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Real Decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto Refundido da Lei do Estatuto dos traballadores Decreto 95/1991, do 20 de marzo pola que se aproba o regulamento de selección de persoal da Comunidade Autónoma de Galicia; Lei 30/84, do 2 de agosto, de Medidas para la Reforma de la Función Pública; Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada; Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, de regras básicas e programas mínimos a que se debe axustar-lo procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; e supletoriamente, o Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado. Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do sector Público.

**Terceira.-Modalidade e duración do contrato.**

A contratación realizarase a través da modalidade de contrato de duración determinada por obra ou servizo, a xornada completa. A duración da obra ou servizo será de 5 meses e doce días.

As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá e tarde, e de luns a domingo, adaptaranse ás necesidades do servizo.

**Cuarta.-Requisitos dos aspirantes.**

Para participar nas probas selectivas os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

a) Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado en que en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderá participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, e o dos nacionais dalgún estado en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España cando sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

b) Cumplir algún dos seguintes requisitos:

- Muller.
- Persoas maiores de 45 anos.
- Persoas desempregadas de longa duración (mínimo de dous anos como demandantes de emprego).
- Persoas discapacidade nun grao igual ou superior ao 33 %.
- Persoas en situación de drogodependencia.
- Persoas que vivan nun fogar onde ningunha teña emprego.
- Persoas en fogar monoparental/monomarental.
- Persoas con problemas para atopar un emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- Persoas vítimas de violencia de xénero.
- Persoas sen fogar.

c) Estar en posesión do certificado de escolaridade ou equivalente ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentaren instancias.

d) Posuir a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que aspira, sen que se padeza enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.

f) Ser candidato/a remitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia segundo a correspondente Oferta de Emprego presentada na Oficina do SPE de Betanzos. En todo caso as persoas a contratar deberán atoparse nalgunha das situacións previstas no artigo 2.1 da Resolución 2018/7211 da Deputación da Coruña pola que se aproban as Bases do Programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais nos concellos da provincia de a Coruña de menos de 20.000 habitantes para o ano 2018 cofinanciado pola Deputación da Coruña (BOP número 41, do 28/02/2018).

#### Quinta.-Presentación de instancias.

As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica municipal (emprego público-convocatoria de persoal): <https://sede.bergondo.es>.

Tamén se poderán presentar as solicitudes no Rexistro Xeral do Concello ou en calquera dos lugares establecidos pola normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica do Concello de Bergondo.

O prazo de presentación é de sete (7) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal (<https://sede.bergondo.es/gl/informacion/tablon/>)

Debido ó breve cómputo do prazo para a presentación de instancias, nos casos das solicitudes presentadas noutros organismos a través da valixa, os interesados deberán comunicar este feito ó Concello de Bergondo, por fax (981 794 233) ou por correo electrónico ([emprego@bergondo.gal](mailto:emprego@bergondo.gal)) dentro do prazo anteriormente sinalado.

Á instancia achegaranse inescusablemente:

- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade.
- Fotocopia do título esixido no apartado C.
- Documentos que acrediten o cumprimento das situacións previstas no artigo 2.1 da Resolución da Deputación da Coruña pola que se aproban as Bases do Programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais nos concellos da provincia de a Coruña de menos de 20.000 habitantes para o ano 2018 cofinanciado pola Deputación da Coruña (BOP número 41, do 28/02/2018) do seguinte xeito:

Mulleres e persoas maiores de 45 anos	Fotocopia de DNI
Persoas desempregadas de longa duración	Informe de Vida Laboral actualizado
Persoas con discapacidade	Fotocopia do certificado de discapacidade
Persoas en situación de drogodependencia, persoas que vivan nun fogar onde ningunha teña emprego, persoas em fogar monoparental/monomarental,persoas con problemas para atopar un emprego polo idioma ou cuestións socio-culturais, persoas vítimas de violencia de xénero e persoas sen fogar.	Informe do servizos sociais municipais

- Documentos xustificativos dos méritos que se aleguen para o concurso, que deberán ser orixinais ou fotocopias debidamente dilixenciadas. Non serán tomados en consideración nin valorados os que non se acrediten debidamente en todos os seus extremos, no momento de presentación de instancias. O Tribunal non avaliará os méritos que non se aporten ou acrediten desta maneira.

#### Sexta.-Admisión de candidatos.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía, ditará resolución na que se aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as que se publicará no taboleiro de edictos do concello, e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal (<https://sede.bergondo.es/gl/informacion/tablon/>), e concederá un prazo de dous (2) días naturais para os efectos de reclamacións ou subsanacións de erros.

As reclamacións, se as houberse, serán resoltas na resolución pola que se aprrobe a lista definitiva que se publicará do mesmo xeito que a provisional. Nesta mesma resolución figurará a composición do tribunal, o lugar e data da celebración das probas selectivas. No caso de que por circunstancias excepcionais houberse que modificar lugar, data ou hora da valoración de méritos ou entrevista, publicarase no taboleiro de edictos do Concello, e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal (<https://sede.bergondo.es/gl/informacion/tablon/>)

#### Sétima.-Tribunal cualificador.

O tribunal estará constituído por:

Presidente/a: un funcionario designado pola alcaldía.

Secretario/a: un funcionario designado pola alcaldía.

Vogais: alomenos tres vogais designados pola alcaldía.

Os/as vogais deberán ter titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

Os integrantes do tribunal deberán absterse de formar parte destes, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal de acordo co artigo 29 da mencionada Lei.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza de máis da metade dos seus membros, sexan, indistintamente, titulares ou suplentes. En todo caso será necesaria a presenza do presidente/a e do secretario/a ou de quen os substitúan.

O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os anteditos asesores actuarán con voz e sen voto; limitaranse ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

As resolucións do tribunal vinculan á administración sen prexuízo de que esta, de ser o caso, poida proceder a súa revisión de acordo co previsto no artigo 106 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

#### **Oitava.–Probas selectivas e sistema de cualificación.**

Nas bases específicas que completen estas bases xerais se concretarán os méritos que se valorarán na fase de concurso, así como os criterios de valoración dos mesmos.

#### **Novena.–Lista de seleccionados presentación de documentos.**

Unha vez rematada a cualificación dos aspirantes, o Tribunal publicará no taboleiro de edictos do Concello a relación de aprobados por orde de puntuación.

O resultado final do proceso de selección virá determinado pola suma da calificación da fase de concurso. En caso de empate, terán preferencia aqueles aspirantes que obtivesen maior puntuación no apartado A-1. Finalmente, en caso de que continuara existindo un empate procederáse a un sorteo público entre os implicados.

O tribunal presentará á Sra. alcaldesa a proposta do/a candidato/a que obtivese maior puntuación para o seu nomeamento sen que en ningún caso exceda do número de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

O/a aspirante proposto/a achegará no prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir da publicación da lista de aprobados no taboleiro de edictos os documentos seguintes:

- Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para o seu cotexo) do Documento Nacional de Identidade.
- Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para o seu cotexo) do Título académico esixido.
- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- Declaración xurada de que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin encontrarse inhabilitado/a para o exercicio da función pública por sentenza firme.
- Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa toma de posesión.

O/a aspirante que faga valer a súa condición de persoas con discapacidade deberá presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta Base e agás nos casos de forza maior, o cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3.<sup>a</sup>, non poderán formalizar o contrato e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incurriera por falsidade na solicitude de participación.

**Décima.–Formalización do contrato.**

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polo/a interesado/a, a Sra. alcaldesa efectuará o nomeamento a favor do/a candidato/a proposto/a e asinará o contrato laboral nun prazo de cinco (5) días naturais.

**Undécima.–Lista de reserva.**

Ao rematar o proceso selectivo formarase unha relación das persoas, en orde descendente de puntuación. Os que formen parte da mesma poderán ser chamados (sempre respectando a orde da lista), para cubrir prazas similares ou situacións de renuncia voluntaria, procesos de incapacidade temporal, maternidade ou calquera outra circunstancia, en prazas de similares características deste concello.

Cando un dos aspirantes incluídos na lista fose chamado para ocupar un posto, ao rematar o período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que pode ser chamado novamente para outra contratación. No caso de que un aspirante sexa chamado e rexeite a contratación, pasará ao derradeiro lugar da lista.

**Duodécima.–Recursos.**

Esta convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven delas ou da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**BASES ESPECÍFICAS****Primeira.–Sistema de selección.**

O sistema de selección será de concurso de méritos.

**Segunda.–Retribucións.**

As retribucións serán de 999,50 €/mes brutos.

**Terceira.–Proceso selectivo.****FASE DE CONCURSO:**

Valoraranse os seguintes méritos:

A.1.–Experiencia profesional ou servizos prestados, ata un máximo de 6 puntos.

Por servizos prestados en calquera Administración Pública ou empresa privada coa categoría de peón (xardinería, carpintería, albanelería, limpeza de praias ou forestal): 0,10 puntos por mes, ata un máximo de 6 puntos.

A acreditación dos servizos prestados efectuarase mediante certificación expedida pola secretaría do concello ou entidade pública onde se teñan prestado os servizos, ou como se sinala a continuación para a empresa privada; para a empresa privada certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral de Seguridade Social acompañado do certificado de empresa no que conste a categoría na que se teñen prestado os servizos e/ou contrato de traballo. A non presentación de ambos documentos (vida laboral + certificado de empresa e/ou contrato de traballo) suporá a non valoración do mérito alegado.

Non se terán en conta os servizos prestados como autónomo.

A.2.–Cursos, ata un máximo de 5 puntos:

De formación:

- Cursos relacionados coa actividade e tarefas do posto de traballo a desenvolver impartidos por unha Administración Pública ou entidade pública ou homologadas por elas:
- De menos de 20 horas: 0,10 puntos por curso.
- De 20 a 40 horas: 0,30 puntos por curso.
- De máis de 40 horas: 0,50 puntos por curso.
- Programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados por administracións públicas:
- De menos de 20 horas: 0,10 puntos por curso.
- De 20 a 40 horas: 0,30 puntos por curso.
- De máis de 40 horas: 0,50 puntos por curso.

Os cursos onde non figuren expresamente o número de horas, valoraranse con 0,05 puntos por curso.

A puntuación máxima que se poderá acadar no apartado A.2 será de 5 puntos.

D./D.<sup>a</sup> ....., titular do DNI n.º ....., e  
con enderezo a efectos de notificación, en .....,  
....., C.P ....., teléfono .....

**EXPOÑO:**

- Que solicito ser admitido/a para as probas de proceso selectivo por concurso correspondente a seis postos de PEÓN/NA, de acordo coa convocatoria publicada no taboleiro de edictos do Concello.
- Declaro coñecer as Bases reguladoras desta convocatoria, as cales acepto.
- Que reúno todos os requisitos esixidos na Base cuarta.
- Que achego a esta solicitude, de acordo coas citadas bases, a documentación seguinte:
  - Fotocopia do carnet de identidade.
  - Fotocopia do título esixido no apartado C (Base 4.<sup>a</sup>).
  - Fotocopia, de ser o caso, da documentación xustificativa dalgún dos requisitos esixidos no apartado b (Base 4.<sup>a</sup>).
  - Documentación relativa aos méritos alegados:

En base ao exposto **SOLICITO:**

A miña inclusión no proceso selectivo, convocado polo Concello de Bergondo.

Bergondo, ... de ... de 2018.

Sra. alcaldesa do Concello de Bergondo

Bergondo, 30 de maio de 2018.

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez

2018/3924